



Atención á **pobación** INFANTIL

na provincia de Ourense

XUNTA DE GALICIA



Coidamos da **saúde** do teu **NENO**



Definición do programa

neño san

O programa protocoliza as actualizacións de educación sanitaria, dirixidas aos nenos e ás familias, e as actividades preventivas e de detección precoz dos problemas de saúde máis habituais. Os controis de saúde constitúen o seu eixo principal e unha ferramenta fundamental no seguimento do crecemento e desenvolvemento do neno.


Controis de Saúde no Programa neno san

O programa protocoliza os controis a realizar. Estes son:

- Control 15 días.
- Control 1 mes.
- Control 2 meses.
- Control 3 meses (Na consulta de enfermería pediátrica).
- Control 4 meses.
- Control 5 meses (Na consulta de enfermería pediátrica).
- Control 6 meses.
- Control 7 meses (Na consulta de enfermería pediátrica).
- Control 10 meses.
- Control 12 meses.
- Control 15 meses.
- Control 18 meses.
- Control 3 anos.
- Control 4 anos.
- Control 6 anos.
- Control 8 anos.
- Control 10 anos.
- Control 12 anos.
- Control 14 anos.

Atención á **vacinação** INFANTIL na provincia de Ourense

Distribución Xeográfica dos pediatras



Se cumpre co programa do neno san, levará o día o calendario vacinal do neno. De todos os xeitos non esquezana a importancia da vacinación e as súas datas:

	0 meses	2 meses	4 meses	6 meses	15 meses	18 meses	3 anos	6 anos	12 anos	14 anos
Vacina hepatite B: VHB (4)	VHB (1º d.)	VHB (2º d.)	VHB (3º d.)						VHB (1)	
Vacina da difteria, tétano e tose ferina de tipo acelular: DTPa	DTPa (1º d.)	DTPa (2º d.)	DTPa (3º d.)						DTPa (4º d.)	DTPa (5º d.)
Vacina do tétano e da difteria tipo adulto: Td										Td (2)
Vacina inxectable da polio: IPV	IPV (1º d.)	IPV (2º d.)	IPV (3º d.)		IPV (4º d.)					
Vacina do Haemophilus influenza tipo b: Hib	Hib (1º d.)	Hib (2º d.)	Hib (3º d.)		Hib (4º d.)					
Vacina fronte ao meningococo C (3)	MC (1º d.)	MC (2º d.)								
Vacina fronte ao sarampelo, rubéola e parotidite (triple vírica): TV					TV (1º d.)		TV (2º d.)			
Vacina fronte á varicela										Varicela (5)

- 1) A vacinación fronte á hepatite B aos 12 anos de idade está indicada exclusivamente nos nenos non vacinados anteriormente e a pauta de vacinación é de tres doses: as dúas primeiras cun intervalo dun mes e a terceira aos seis meses da primeira (0, 1, 6).
- 2) Recoméndase aplicar unha dose de recordo cada 10 anos.
- 3) Existen produtos vacinais cuxa ficha técnica permite reducir a dúas doses a pauta de vacinación fronte o meningococo C.
- 4) Para reducir o número de inxeccións precisas para a administración de todos os antixenos correspondentes aos dous meses de idade, a segunda dose de vacina fronte á hepatite B podería administrarse á idade dun mes.
- 5) Aínda que esta vacina se incorpora aos 12 anos por coincidir en calendario coa de VHB, aconséllase vacinar a todas as persoas entre 10 e 12 anos (ambos inclusive) que cumpran as condicións recollidas no punto primeiro, se acceden aos servizos sanitarios por calquera outro motivo.